



Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas externas entre a Universidad de Valladolid e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Universidad de Valladolid o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende a data da súa sinatura ata o 1 de abril de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

establecer un marco de colaboración entre as partes asinantes con fin de desenvolver conxuntamente prácticas externas dos estudantes matriculados en calquera dos estudos oficiais da Uva.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De acordo co previsto no artigo 107.4 dos seus Estatutos, aprobados por Acordo 104/2003 de 10 de xullo da Xunta de Castela e León, a UVa fomentará e regulará as prácticas e estancias en empresas e organismos que contribúan á formación dos estudantes en combinación coa súa actividade académica.

A AGACAL considera de interese para os seus fins institucionais o establecemento dun marco permanente de colaboración que permita a integración temporal no seu ámbito, a efectos de prácticas, de estudantes da UVa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela,

